

# XOGOS EDUCATIVOS NA BIBLIOTECA SON DE TODOS OU DE NINGUÉN?

Molan ou non molan? Parece ser que si. Sempre hai xente xogando nos recreos e con frecuencia veñen buscalos para levalos á aula nas horas de garda.

Ter xogos educativos na biblioteca do instituto era un obxectivo que nos tiñamos marcado dende hai tempo, unha petición escoitada moitas veces polo equipo de profes que nos encargamos da biblioteca.

Agora que viñeron tempos mellores, puidemos facer o esforzo e comprar unha remesa de xogos actualizados. Pero tan pronto chegou o material á biblioteca empezaron a faltar cousas: ao día seguinte da estrea xa faltaron todas as preguntas dun dos xogos máis caros, El Señor de los Anillos. Aí vai á nosa pregunta, que proveito lle sacou o cleptómano/a de vez a este mangue? empapelou a habitación con elas?

En fin, que logo aínda temos que escoitar cousas coma "Xa volo dicía eu, que eses zascandís non merecen nada". O noso plantexamento é diferente. Nos pensamos que os alumnos e alumnas do IES de Melide merecen o mellor, unha boa biblioteca con fondos actualizados. Cremos que na biblioteca debe haber máis soportes que o do libro, porque os tempos cambian, por iso tamén nos estamos esforzando en que haxa material audiovisual coma CDs ou DVDs. Parécenos imprescindible que haxa ordenadores novos cunha boa conexión a internet, porque é o mellor



xeito de buscar información actualizada. O máis importante da biblioteca, ao igual que as outras dependencias do centro, é que é de todos e que moitos rapaces e rapazas podan atopar nela o que necesiten ou non teñan na casa.

A algunha xente pásalle o contrario, pensan que o normal é non ter nada, e se hai algo, como non é de ninguén, está feito un desastre. Por iso, cando atopan algo bo sáltalles unha luceciña na cabeza (se é que aínda lle que algunha sen fundir) e pensan que iso bo non pode ser para eles, e que polo tanto hai que mangalo. Pois non, home, non. Todo o que está no instituto é teu, non te molestes en mangalo, podes gozalo tranquilamente con cos teus colegas un día e outro. Se hai para todos.

O instituto é como unha carreteira, disfrutámola pasando por ela e chegando pronto e ben aos sitios, ... aínda que, se cadra, hai algún ou algunha que disfruta máis levando un cacho e asfalto para casa. Tamén hai casos destes no noso centro. Por exemplo, hai xente

que o pasa ben navegando por internet ou xogando no ordenador. Pero hai outros e outras que o pasan mellor levando a tecla do "s" ou a bola do rato para casa... se cadra é un moderno método de conexión wi-fi e nós sen sabelo.

Dende aquí queremos tamén ofrecervos o noso apoio a todos aqueles que o pasades mellor levando o cacho de asfalto ou a tecla do "a" para casa, porque a vida é moi dura e un empeza por iso e a saber como acaba. Falade cos amigos, cos vosos pais, con nós ou incluso co voso médico, xa veredes como hai unha solución ...

